



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día 24 de novembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Non asiste a Concelleira Dna. Montserrat Magallanes Alvarez**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

---

O Sr. Presidente informa que a urxencia ven determinada polo prazo para solicitar a adhesión ó Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para a ampliación da subvención do servizo de axuda no fogar.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, ratificar a urxencia.

**PUNTO 2.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA COMPLEMENTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) 2016.**

---

Vista a convocatoria extraordinaria complementaria ao Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para a ampliación da subvención do servizo de axuda no fogar (SAF) 2016, publicada no BOPPO nº 219 de 16 de novembro de 2016, este concello solicita a cantidade de 3.000 euros, coñecendo e aceptando as bases desta convocatoria.

O Concello da Guarda comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do plan co incremento solicitado para o SAF e a completar coa súa achega económica o módulo obxecto de financiamento.

O Concello da Guarda tamén acepta o compromiso de publicitar a achega da Deputación e de facer constar sempre o financiamento desta en todas as comunicacións nas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por internet. Comprométese tamén a proporcionarlle ao persoal contratado para o SAF (sexa persoal propio ou contratado por empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO TRES.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO INICIO DO PROCEDIMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA O USO E EXPLOTACIÓN DE VARIOS POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS.**

---

O sr. Alcalde da conta da seguinte Proposta da Alcaldía.

*Vista a memoria elaborada pola concelleira delegada na que sinala a conveniencia e necesidade de licitar os postos vacantes da Praza de Abastos municipal por resultar de gran necesidade a prestación desta actividade*

*Visto o acordo de data 5 de xuño de 2009 de delegación de competencias do Pleno da Corporación a favor da Xunta de Goberno Local para a adxudicación de postos da Praza de Abastos*

*Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1.- INICIA-LO procedemento para a adxudicación por procedemento aberto, polo sistema de subasta, da concesión administrativa para uso e explotación de varios postos da praza de abastos. Os postos obxecto deste procedemento son:*

*Posto 12 da Planta baixa..... canon: 962,07 euros  
Posto 5 da Planta alta ..... canon: 1.070,14 euros  
Posto B da Planta alta..... canon: 535,09 euros*

*2.- Que se leven a cabo a redacción dos pregos de clausulas tecnico-administrativas que rexerán dita concesión así como a emisión dos informes que procedan en orde á licitación e adxudicación da mesma.*

*3.- O único criterio de adxudicación será o canon.*

*Evacuados que sexan estes trámites, déseme conta.”*

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos membros presentes, ACORDA aprobar dita proposta.

**PUNTO CUARTO.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN E COLABORACIÓN PARA UNHA PROBA DE CAMPO A TRAVÉS NO CAMPING SANTA TREGA O DÍA 26 DE NOVIEMBRE.**

---

Lese o escrito RE 7.226 de data 16 de novembro de 2016, presentada por D. ALFONSO LORENZO VILA, en representación de AGRUPACIÓN DEPORTIVA BAIXO MIÑO, con enderezo en Mosteiro, s/n de Tomiño, solicitando a colaboración do Concello para levar a cabo unha proba de campo a través no Camping Santa Tecla.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dentro das posibilidades do Concello.

*Sendo as doce horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*